



O NADAL



XXVII

**certame
de
xornalismo**

**certame
de
poesía**



XXVII CERTAME DE XORNALISMO SOBRE O NADAL

Patrocina:



DEBUXO LOGOTIPO:
XOSÉ RODRÍGUEZ VARELA

DESEÑO MAQUETACIÓN:
XESÚS FRAGA

COORDENACIÓN:
XULIO XIZ RAMIL

IMPRESO EN «LA VOZ DE LA VERDAD»
DEP. LEGAL LU 519 – 2003

XXVII CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL

Patrocina:



O B R A S O C I A L

*A publicación dos traballos premiados é posible
pola colaboración da Dirección Xeral de Política
Lingüística, da Consellería de Educación e Orde-
nación Universitaria, da Xunta de Galicia.*

ARREDOR DO NADAL

Cada ano, facemos nacer un novo Belén.

Porque nunca é igual ó anterior. Sempre hai cambios, de xeito que os máis asiduos visitantes (e hai moita xente que ven tódolos anos) teñan detalles que apreciar e poidan comprobar os nosos “avances” na consecución dun Belén diferente no que poida mirarse toda a Terra Chá.


Claro que no noso labor non nos quedamos tan só co “Belén” físico, material, que sen embargo é importantísimo para os nosos fins de achegamento do espírito do Nadal, primeiro a tódolos begontinos, e logo a toda Galicia.

Ese novo Belén que cada ano creamos, está dentro de nós; animámolo e anímanos; renovámolo e renóvanos, de xeito que a súa ledicia, a súa ilusión, o seu encanto, fai que cada día pensemos máis, confiemos máis, creamos máis na mensaxe e no mensaxeiro, e na convicción de que todos estamos chamados a ser “Mesaxeiros do Belén”.

Un ano máis (e imos na edición número trinta e dúas), desde Begonte vai ó mundo a nosa mensaxe.

De novo, Begonte é Nadal, e chamamos a todos a comprobalo.

Vinde a Begonte ver o noso “novo” Belén. Seguro que lograremos contaxiarvos a ilusión que este novo Belén (exterior e interior) nos proporciona.



*Xesús Domínguez Guizán
Presidente do Centro Cultural de Begonte*



POESÍA

XXVII CERTAME DE POESÍA SOBRE O NADAL

O Centro Cultural José Domínguez Guizán de Begonte, entidade promotora do Belén Electrónico co patrocinio de Caixa Galicia, co gallo do Nadal 2002 convoca o XXVII Certame Nacional de Poesía sobre o Nadal.

1.—Poden concorrir tódolos poetas que o desexen, con textos en galego ou castelán.

2.—O tema dos traballos ha se-lo de O NADAL, desde calquera punto de vista.

3.—Hanse valora-los textos que fagan referencia a Begonte e o seu Belén.

4.—É libre a construción dos poemas e a medida dos versos.

5.—Hanse concede-los seguintes premios:

PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 600 Euros e estatuíña de Sargadelos.

SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 Euros e estatuíña de Sargadelos.

6.—A remisión de orixinais farase por triplicado ó Centro Cultural de Begonte (Lugo), tanto persoalmente como por correo certificado, denantes das doce horas do día seis de xaneiro de dous mil tres.

7.—Tódolos traballos han ser presentados baixo plisca, facendo constar nela os datos persoais do autor.

BEGONTE (Lugo), nadal de 2002

BASES



FALLO DO XURADO

FALLO DO XURADO DO XXVII CERTAME DE POESÍA "BEGONTE E O NADAL"

O Xurado calificador dos traballos presentados ó XXVII CERTAME DE POESÍA "BEGONTE E O NADAL", formado por:

D. XAVIER RODRÍGUEZ BARRIO

D. FRANCISCO MARTÍN IGLESIAS (Paco Martín)

D. RAMÓN SOILÁN PENAS (En representación da entidade patrocinadora)

D. XULIO XIZ RAMIL (En representación da entidade convocante, que actúa como secretario), acordou conceder os dous premios instituídos:

– PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 600 Euros e estatuíña de Sargadelos, ó poema HOY TE VENGO A LLORAR, presentado baixo o lema TRAGEDIA, do que resultou ser autora ANA MARÍA CARDEÑOSA DOMINGO, de Valladolid.

– SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 Euros, e estatuíña de Sargadelos, a LÚA CHEA TRENZADA EN FUME, presentado baixo o lema LÚA CHEA, do que é autor BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO (Mero).

O SECRETARIO DO XURADO

Xulio Xiz Ramil

ANA MARÍA CARDEÑOSA DOMINGO

O poema HOY TE VENGO A LLORAR chegou-nos de Valladolid, onde reside a súa autora, Ana María Cardeñosa Domingo.

É ama de casa, e a súa adicación á poesía -segúndo nos indica- “é case testimonial”. Participa moi pouco en certames, se ben ten xa conseguido algúns premios entre os que subliña o Premio de Poesía Santa Teresa de Jesús en Gotarrendura (Ávila), lugar de nacemento da santa.

HOY TE VENGO A LLORAR

HOY TE VENGO A LLORAR. NO LLEVO NADA

más que una pena sin final conmigo,

ni una sonrisa que atravesase el aire

de este diciembre pálido de fríos,

ni siquiera el arrullo emocionado,

leve, de un villancico

porque me están latiendo aquí, muy dentro,

justo en el corazón, los mil y un gritos

de la herida del mar de esta Galicia...

Hoy vengo, Niño mío,

a contemplar el vano desaliento,

el dolor que subyace en los sentidos

de estas gentes de bien que en unas horas

-la impotencia en los ojos consumidos-

mordiéndose los labios

contemplan la tragedia que ha venido

a desandarles tantas Navidades

en desazón de ingratos sacrificios

siempre mirando el horizonte inmenso,

el alma siempre en vilo

y sin control, la vida avasallando

de la tierra y la mar -siempre es lo mismo-

los dragones, a veces petroleros,

a veces formulismos,

inútil papeleo o simplemente
mirar hacia otro lado, sin aviso
que valga, igual que modernos Herodes...
Llorando estoy, ya ves, mientras te escribo,
yo envejeciendo, con la muerte al lado,
Tú tan recién nacido,
también con tu dolor embadurnado,
como en un chapatote de infinitos
que entre las luces de la nochebuena
flor quisieran hacerse, y Luz, contigo
para olvidarse de esta pesadilla
que es como el más amargo de los vinos,
que se llama Prestige, y que parece
que enarbolara un nuevo desprestigio,
el que a tu pueblo de Galicia, inerme
le llegó en mala hora... Te suplico
desde esta soledad que me aprisiona
(Tú estás solo también, tan chiquitito)
que la alegría traigas a estas gentes,
que son como pastores sin aprisco
y que están deseando
ofrecerte, Señor, el regocijo
de su nueva sonrisa más lozana
y su corazón limpio,
que desean cantarle con la fuerza
de su quehacer diario, a tu divino
sueño de Navidad, apretujado
al amor de tu Madre, en un suspiro
que respirando paz por sus mil poros

sea siempre bendito.
Hoy te vengo a llorar. De tierra adentro
soy, mas mi corazón late en el filo
del dolor y la pena que le embargan,
de mi amor hacia Ti, Mesías Niño,
de tantas dudas como todavía
me van sangrando, de tantos abismos
como junto a nosotros
caminan por la vida. Y hoy te pido,
en este día a la alegría abierto
aunque sea dolor lo que respiro,
que mires por la gente de Galicia,
que su amigo Santiago les ha dicho
que no van a estar solos,
que ellos van a ganar el desafío
de la marea negra con tu ayuda...
Tu presencia les basta, Niño mío,
para que nuevamente esa mar sea
transparencia y bondad, como al principio,
para que en ella encuentren
su vida, su pasión, su pan, su vino,
su callada oración de cada día
y en esta Navidad, su villancico...

Lema: TRAGEDIA



BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO **(Mero)**

Baldomero Iglesias Dobarrio (MERO), naceu en Vilalba en 1951. É mestre. Fundador de FUXAN OS VENTOS e A QUENLLA, ten adicada a súa vida á música e a poesía, tendo gravadas arredor de medio cento de cancións das que é autor da letra, e de moitas delas da música. Ten recollido milleiros de cancións populares por todo Galicia.

Ademais do libro colectivo "GALICIA CANTA Ó NENO", ten publicado SOCIAIS (de terceiro, cuarto e quinto de E.X.B), EXPERIENCIAS (primeiro e segundo de E.X.B.), GALEGO-LINGUAXE (de primeiro a quinto), CONTOS DE VELLAS PARA NENOS, SOMOS LENDA VIVA (Lendas para nenos), e CANTOS, COPLAS E ROMANCES DE CEGO (I e II).

LÚA CHEA TRENZADA EN FUME

É Nadal
na noite pecha de decembro.
No ceo
a Lúa se perfuma
de brillos e de arrecendos
soltando ó aire ós seus rizos
ceibando os loiros cabelos
que douran a neve branca
e aluman polos carreiros
da Terra Chá dos meus soños
longa como os meus anceios.

Está redonda no alto
enchida da luz do inverno,
para alumar en Begonte
as ansias do Nacemento
coa más fermosa paisaxe
que profile os brancos teitos
de casas botando fume
desafiantes, no ceo,
desa lei da gravidade,
simbiose do firmamento,
que tece os fíos de néboas
para a Virxe ir tecendo
e facerlle unha manta
que torne do frío ó Neno.

É Nadal

na noite pecha de decembro.

No ceo

a Lúa se perfuma

de memorias e momentos

que evocan ir coas estrelas

e perderse entre os luceiros

que de lonxe só reflexan,

coma se fosen espellos,

o fume das chemineas

desde os fogares chairegos.

A luz incalculable da lúa inspira ó fume.

A poucos vai saíndo

e xunto dela suben

por riba dos tellados facendo novas nubes,

xuntando fíos desfeitos

de pálido peluxe.

Vai pedir ás estrelas: ¡coa luz, á Lúa axuden!

pois compre o seu reflexo.

sanal para le...
ousas da vida, cheo de a...
inversais, cheo de a...
dos dos nosos devance...
n habilidade, inxenio e
a...
arredor é tamén un...
ropicio para que a...
da á ledicia arte...
iva medre e...
amiños e...
mas...
sua... a...
lúa, a...
parpadexa...
ata o amencer du...
no que se aviva a chi...
vida e do traballo cotián...
Nunha xuntanza do gre...
os protagonistas do gre...
ecimento figuran...
o plano: Os Re...
arón do Neno Deus...
ría e S. Xosé, e...
camellos re...
nde viaxe...
ñas, un...
erm

PRENSA

XXVII CERTAME DE XORNALISMO
“BEGONTE E O NADAL”

O Centro Cultural JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de Begonte (Lugo), entidade promotora do BELÉN ELECTRÓNICO DE BEGONTE, co fin de potencia-lo espírito do Nadal, e que se coñezan mellor os actos que con este motivo se celebran en Begonte, con-vo-ca o

XXVII CERTAME XORNALÍSTICO
“BEGONTE E O NADAL”

de acordo coas seguintes BASES:

A. Poderán tomar parte neste certame os que publiquen, en calquera xornal ou revista, en lingua galega ou castelán, algún traballo ou serie de traballos sobre calquera tema que faga referencia ó Nadal en Begonte e –en xeral– ó Nadal en Galicia.

B. Establécense dous premios para os que se conside-ren os mellores traballos presentados, dotados con:

PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO.– 600 Euros e estatuíña de Sargadelos.

SEGUNDO PREMIO.– 300 Euros e estatuíña de Sargadelos.

C. O prazo de entrega dos traballos que se presen-ten ó certame rematará ás 12 horas do próximo día seis de xaneiro de 2003, debendo facerse a entrega no Centro Cultural de Begonte, persoal-mente ou por correo.

D. A presentación ha facerse por triplicado exem-plar do xornal ou revista na que se publicase o traballo, xunto cunha nota na que se fagan cons-ta-los datos persoais do autor.

BEGONTE, NADAL de 2002

BASES

FALLO DO XURADO DO XXVII CERTAME XORNALÍSTICO “BEGONTE E O NADAL”



O Xurado calificador dos traballos presentados ó XXVII CERTAME XORNALÍSTICO “BEGONTE E O NADAL”, formado por D. ANTONIO CALVO VARELA (Delegado provincial de Cultura), presidente; D^a BLANCA PACÍN SOMOZA; D. MARCIAL GONZÁLEZ VIGO; D. JESÚS DOMÍNGUEZ GUIZÁN e D. JOSÉ RODRÍGUEZ VARELA, do Centro cultural de Begonte, que actúa como Secretario, examinados os traballos presentados, acorda emitilo seguinte fallo:

PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO, dotado con 600 Euros e estatuíña de Sargadelos. Concédese ex-equo a LIDIA LÓPEZ TEIJERO, polo artigo “A TEIMOSÍA DO AVÓ” e a XOSÉ LUIS OTERO CEBRAL por “AUGA QUE MOVE OS BATÁNS”.

O SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 Euros e estatuíña de Sargadelos, concédese a “CARICIAS AL BELÉN DE BEGONTE”, de LUIS MERCADO VIANCO.

Os tres traballos premiados foron publicados no xornal “El Progreso”.

O SECRETARIO DO XURADO

José Rodríguez Varela

**FALLO
DO
XURADO**



LIDIA LÓPEZ TEIJEIRO

Naceu no concello de Paradela pero actualmente reside en Bexán (Cospeito). Ten dezasete anos e estudia no IES Trapero Pardo onde cursa 2º de Bacharelato. Os premios que obtivo en distintos eidos da literatura son:

- XXX Edición dos Premios Minerva (2º premio de narración)*
- XXXI Edición dos Premios Minerva (3º premio de narración e 1º premio de poesía)*
- I Certame Lucus Augusti (1º premio de poesía)*
- XII Certame de Contos Vila de Pontedeume (1º premio de narración)*
- XIII Certame de Contos Vila de Pontedeume (1º premio de narración)*
- XVIII Certame de Poesía María Soliña (2º premio).*

A TEIMOSÍA DO AVÓ

VINTEDUAS

Unha nunca sabe a que se enfrenta cando trata de discutir cun Forxadre. E menos se te criaches na gran cidade, onde todo se move a golpe de talonario, sen verbas que poidan paralizar un só segundo o ritmo de traballo. Ben, case, porque para iso estaba o meu avó, no medio das Ramblas, coa boina e o cachabo de bidueira ribeirá, disposto a esclarecerlle as ideas a calquera que se lle acercase de modo –como el soía dicir– “pouco humano”. A soidade das rúas sen os latexos do seu caiado sobre os adoquíns fai que todo cobre outro valor, o valor do menosprezo hacia esa urbe que Gaudí concibiu en soños e que agora, dende a distancia, se me antolla lonxana e estéril de amor.

Cando a avoa Francisca pasou a mellor vida, decidín facerme cargo do avó e traelo para Barcelona, coa idea de coidar un pouco máis desa saúde de ferro que dun tempo a esta parte parecía estar cambiando. Nin sequera, para o meu asombro, preguntou se algunha vez volveríamos ó seu querido Páramo. Mirou pola fiestra ó cemiterio parroquial e limitouse a sentenciar petrucialmente: “Aquí xa non me queda nada, mañá marchamos”. Fómonos deixando a casa coma os fuxidos, no silencio dun amencer que nunca foi tal.

E nunca un problema tivera na casa con el ata este ano. Dixo que era Nadal, tiempo de borrachera, e que había que voltar ó Páramo, despois de dez anos, para celebrar as festas, ademais de, por suposto ir ver o Belén de Begonte. “Hala!, xa nos empezou a demencia senil”, pensei de pri-


meiras, e tentei facelo entrar en razón porque tiña que traballar e xa os plans, as cenas e as visitas todas organizadas. Mais como xa dixeran, un non sabe ó que se enfrenta cando negocia cun Forxadre, por tradición tratantes de bestas, e, dada a miña pouca experiencia, non só acabei aceptando ir seño que marchamos ó día seguinte de ter a conversa.

Agora que os recordos queren fuxirme é cando máis preciso prendelos neste escrito. Lembro que o avó quixo parar en Lugo nunha librería antes de tirar ata a casa e, sacando cinco mil pesos dun calcetín ante a atónita mirada da libreira, pregoulle nun finísimo galego que, por favor, lle dera canto libro tivese sobre a etnografía de Galicia. Despois de cargalos ó lombo no cachabo e xa fóra do establecemento díxome: “Escoita ben, nena, que só cho hei dicir unha vez, quero que leas todos estes libros e que aprendas ata a última palabra. Neles está o legado do pobo, a memoria e o saber que me propuxen ensinarche un día e que, xa que se acerca a miña morte, nunca che poderei legar. Cando creas que estás preparada para o exame volverás ó Belén de Begonte, e xa me encargarei eu de examinarte”. “Este home perdeu a chaveta. Definitivamente”, cavilei unha vez máis, sen saber canta razón tiña, á fin de contas, o avó Roxelio. E non o podía saber, sinxela-

mente, porque aínda non estivera no famoso belén en cuestión.

Meu Deus, o día da visita crin que xa o tiña que encerrar nun sanatorio. Nada máis entrar, prendeume pola man e foime levando polo medio das outras persoas case a rastro, explicándome ata a derradeira das tarefas tradicionais, repetindo a cada momento, “recórdao ou deshédote”. Polo menos sei que, xa que ese foi o seu último día denantes de marchar coa avoa Francisca, el sentiu que conseguira cumprir a promesa que se propuxera.

E xa vedes as voltas que dá a vida, que hoxe vivo na casa do avó, lin os libros que me mercou e estudieinos e, ano tras ano, vou a Begonte a examíname do que me ensinou, e a examíname, por que non, en certo modo do estado do meu corazón. Porque en cada figura está a súa voz falándome con agarimo do noso pasado, dos teares de Sesmonde, da cocedura do liño... En cada figura está o avó afiando a gadaña, serrando a madeira cunha serra portuguesa e ceando coa culler de madeira que levaba a tódolos lados metida no peto do pantalón. E é verdade, avó, o caldo só sabe ben cunha culler de pao e a mellor maneira de loitar contra o esquecemento é enxertar o pasado no presente.



XOSÉ LUIS OTERO CEBRAL

Xosé Luis Otero Cebal é mestre e escritor.

Ten coordinado labores escolares premiados polo Museo de Pontevedra e programas de Radio Escolar Consellería de Educación.

É autor de varios libros de poesía e etnografía, tendo que subliñarse o seu traballo sobre “O carro en Galicia”.

Colabora asiduamente no xornal El Progreso, téndoo feito en La Voz de Galicia, Palacio do Rei, Lúa Nova...

Gañou o certame “Vir Fluvius” en 1995, o “Iar” de folclore en 1994 e 1996, o “Vila de Vilalba” de xornalismo en 1998, así como o Certame poético Xohan de Requeixo na súa sexta edición.

AUGA QUE MOVE OS BATÁNS

VINTESEIS

A auga batía no parabrisas do meu coche un día de nadal cando ía camiño de Lugo, os coches pasaban amodiño e a estrada botaba auga a rebordar. Eu camiñaba co coidado do que anda as estradas entre pucharcas de auga e á miña beira bruaban aigas que semellaban seren guiados por chouferes que tiñan un apuro dos demos pero a verdade é que vos ían con moito tino.

Na cidade achei un aparcadoiro polo importe dun euro e xa logo dirixínme a un ciber e alí púxenme a escribir esta miúda historia ou relato de nadal.

Ó acabar botei a andar cara o centro, pescudei os escaparates que ceibaban luces variadas en intermitente coma se en verdade dixeran o meu nome para que me achegara a eles. A Praza Maior tiña as árbores pintadas con boliñas e tintes dunha e doutra cor. Na cima, a árbore principal do nadal botaba cara miña faciana esas cores que alumían sempre á navidade.

Non sei cantos pesebres haberá na provincia pero a ben seguro que cada neno ten o seu no seu fogar coma tamén cada lugar santo ou cada pobo ofrece a cadanseu visitante un deses beléns que xa teñen tradición en chegando o nadal.

O bico do neno no meu templo parroquial de San Tirso xa se convertiu nunha tradición en navidade.

Entón, o vintecinco, os veciños acuden onda o neno rei para lle ofrecer ese cariño que estas datas gardan para o seu lar.

En Palas hai tamén un belén no que se representa o sentir dos do lugar ante os herdos da historia, as lembranzas dos labores e as transmisións culturais que uns e outros fomos recibindo dos que agora xa non están.

De nenos andabámo-los camiños dos lugares do noso pobo para vérmolos portais feitos pola veciñanza nos lugares públicos e tamén os que facían os nosos amigos da escola nas súas casas e axudabámonos uns a outros a coloca-las árbores do nadal con aquelas figuras que ideabamos ou colliamos no campo e situabámo-las montañas rochosas e nevadas que nunca máis chegabamos a ver e despois poñíamo-lo neno no seu rolo e ó seu redor pousabámo-los animais que lle daban compañía e calor.

Hoxe a pesar de que a auga cae a caldeiros fun parar ó Belén que de Galicia é lar nestas datas do nadal. Un portal onde os oficios de vello seguen vivos, onde as estrelas alumían a cada un dos que o visitan e no que Begonte é para tódolos galegos o portal do nadal.

Recanto vivo onde achei o engado das fontes aburullando a cachón día e noite por seren seres da inmortalidade. Vin as fervenzas da terra esvarando entre os enrochados montes que para nós son respecto e inmensidade. Seguín a cunca do río que atravesa a terra para lle dar vida a cada lar onde Begonte ten xa un lugar.

Máis tarde funme percatando dos cambios que dun ano para outro lle foi dando o seu crea-

dor Xosé Domínguez Guizán, quen toma coma referencia un suceso bíblico para dar a coñece-lo seu pobo e divulga-la pasaxe histórica do nacemento que non é outra cousa máis que a vida e a descendencia dun bonito e fermoso lugar onde o Miño ten raíces, fortuna e paz.

Os automóbiles chegan cargados con persoas que con asombro miran ferreiros, pastores, gadañadores, serrachíns e outros profesionais dos oficios da época coma as tecelás que agora xa perderon o rigor doutroa por mor dos cambios e dos avances experimentados pola invención dos nosos iguais.

En Begonte este ano polo nadal a auga move os batáns e vense os muiñeiros cargando cos sacos fariñeiros e ó fondo as tecelás tecendo as colchas que logo os batáns rematarán.

O Centro Cultural “Xosé Domínguez Guizán” vese abrazado de coches que chegaron de tódolos lugares da nosa comunidade para pasar un fermoso momento ante o turístico portal onde Begonte mora cando é nadal.

Os batáns traballan arreo cando o río verque a forza que nel hai e oise o seu abatanar entre as arboredas e as brañas que forman os patelos e brañas do seu val.

Despois voltará o regreso e cada quen pensará se o que viu en Begonte é o que esperaba ou é unha sorpresa que contará ós seus amigos e familiares en chegando ó seu lar.

O tempo de nadal vén mollado de máis este ano e os paraugas xa non deixan ve-las lumieiras que ceiban as luces e as bolas que dan vida ós nosos lugares. Galicia enteira é un baño de auga e o mar de Galicia un baño de alcatrán.

Mais os lumes arden e as chemineas afumegan cara o ceo, pero tiven que saír coma de costume para facerme ver e nesas vin lotería para o neno ó pé do portal e pensei: “Isto do nadal non só é comer en familia, senón que tamén é disfrutar e xogar coma os iguais”.

O tempo transcorría coma sempre entre auga pero sen neve e con piñeiros que achavellaban a

carretera e cun vento que empurraba forte ata arrumbar paredes e unhas pingas de auga gordas que petaban duro nos cristais, pero en fin había que voltar para a casa.

As avoas agardabannos na cociña e os fachos ardían e estalaban co soprar do vento e elas veña atizar no lume que xa encarneaba a terra e dicíannos: “Veña, vide para aquí, xa veredes como colledes axiña esta calor”. Nós sentámonos, e así foi para min e para os meus este ano o portal que en Begonte ten o seu nadal.



LUIS ALBERTO MERCADO VIANCO

Naceu en Valparaíso (Chile), en 1967. É biólogo e profesor de Fisioloxía na Universidad Católica de Valparaíso.

Viviou un tempo en Lugo, vencellado á Facultade de Veterinaria da Universidade de Compostela, onde realizou a súa tese doctoral en bioquímica e bioloxía molecular.

Ten publicado artigos en revistas científicas europeas, norteamericanas e chilenas. En 1996 estivo becado pola Agencia Española de Cooperación Internacional, na Universidad Autónoma de Barcelona e en 1998 estivo convidado na Universidad de Buenos Aires.

O seu agarimo pola nosa terra e os anos vividos nela impulsárono a abandonar, momentaneamente, a linguaxe das ciencias biolóxicas e escribir de novo sobre o Nadal e o Belén de Begonte.

CARICIAS AL BELÉN DE BEGONTE DESDE EL SUR DEL MUNDO

Las ilusiones a veces son tan poderosas que nos regalan realidades mejoradas de nuestros propios sueños. Recuerdo que hace muchos años pensar en Europa era imaginar sitios e historias, que fueron tejiendo nuestro antepasado cultural, que se fusionó con las raíces autóctonas y surgió la universalmente conocida América Latina, que bueno algunos quieren llamar hoy la América Hispana. Me suena bien lo de Hispana, sí porque desde España hace más de 500 años una aventura terminó por dar a este Reino el mayor Imperio de la época. Lo más importante no fue aquello sino que ha sido la herencia de tradiciones, que desde el viejo continente europeo han llegado a América. Pero sin darme cuenta de pronto me convertí en un romano del siglo XX, que también ya se extinguía y daba paso a nuestro siglo, vivía la historia al revés, desde América a España, y el sueño de las ilusiones sobre una tierra misteriosa fueron realidad y ésta superó ampliamente a cualquier frenético pronóstico de emociones.

La Universidad de Santiago de Compostela es coetánea de esta parte del mundo, también hace más de 500 años, proyecta la cultura de Galicia al mundo y Lugo ha sabido ser también cosmopolita. El campus de la USC allí instalado, recibe la visita de profesionales que hemos logrado una beca y con el anhelo de descubrir los misterios de nuestras disciplinas, nos aventuramos en tesis doctorales, que con la ayuda de profesores y catedráticos, van dando forma a espacios intelectuales que se entremezclan con la cultura gallega.

Sencillamente quienes hemos sido lucenses en alguna etapa de nuestras vidas, llevamos por el mundo con el mismo espíritu del gallego inmigrante, cientos de historias de tradiciones que alcanzamos a embeber, a admirar y amar de forma tan entrañable que hemos llegado a unirnos a nuestra tierra y su gente.

Navidad es un tiempo de paz espiritual, de generosidad, de vida familiar y particularmente de recuerdos. En Galicia el Belén de Begonte es un indiscutible sinónimo de ésta, un evento de corta vida si lo comparamos con la milenaria cultura del cristianismo, pero ya fuertemente latente en la tradición. La atención se vuelca expectante sobre este municipio de la provincia de Lugo, que parece ser capital de navidades. Las inquietas miradas buscan los agudos detalles, la aparición de nuevos personajes, los ingeniosos efectos especiales, que simulan logrados espectáculos a la vista. Para mi ha sido imborrable el frío y las calles de piedra iluminadas en la ciudad, el ir y venir de gente, los sonidos de villancicos, la música en la calle, el aroma a chocolate y los churros sumergidos en placentero manjar. Pero particularmente vuestras tradiciones nos marcan de manera irremediable, querer ir cada año a visitar el Belén de Begonte es una demanda del espíritu, curiosidad que no incluye sólo a niños, también a muchos adultos que admiramos el trabajo de un grupo humano que ha dejado una huella en los eventos navideños de España. Es una ilusión, así como el ocaso del verano más que al otoño en Lugo da

paso a las fiestas de San Froilán y las miradas se dirigen hacia el parque de Rosalía, tal cual el invierno no ha llegado si no se han encendido las luces en Begonte, si en el Belén no están los trabajadores de lo cotidiano y en medio de aquel día resumido que vemos en quince minutos, no aparecen los Reyes llevando regalos al Niño Dios que ha nacido en un pesebre humilde y que cada invierno nos abriga el corazón, nos llena de esperanzas de sueños, de fe y generosamente de paz.


En un invierno frío con débiles rayos de sol en una escarchada ciudad yo abandoné Lugo, ese día mi familia gallega y la mía sufrimos en silencio el dolor de un adiós. Recordaba el atardecer en el Belén, luego todo se iluminaba y había terminado la Presentación, también mi tiempo allí había concluido. Me daba cuenta que si bien el afán había sido intelectual, la realidad me había superado, había aprendido mucho, pero sobre todo de la vida en Galicia, particularmente del cariño sincero de una familia y de un hermano y amigos, amigas, de gestos de amor. Cuando se ha vivido aquí, es imposible desear marcharse. Al día siguiente de mi partida se cerraba el Belén y me sentí más que nunca vinculado a él, desde la lejanía buscaba el consuelo y la quietud, la resignación de un adiós, pero también comprendía que al igual que el Belén, nuestras vidas son ciclos, de separación y encuentro, de apertura y cierre, de inicio y término.

Con el tiempo he podido descubrir que nunca dejaré de ser gallego, que una parte de mi vida

quedó allí en Galicia, que vuestras tradiciones son tan fuertes que nos mantienen unidos allá. También así es posible comprender a aquellos otros españoles y especialmente gallegos, que no vinieron a América hace 500 años, sino que lo hicieron durante el pasado siglo. Esta tierra, chilena por cierto, les acogió y seguramente en sus retinas, cada Navidad se dibujaba y dibuja la imagen de Galicia, tal cual como aparece esta noche de verano en mi; aquel sendero entre los árboles, apartándose levemente de la Nacional VI, en ese tramo Avenida de Galicia, en Begonte caminando hacia su Belén, que ya casi se reconoce a esa tierra como Begonte del Belén, entrando a aquel espacio de espectador y viendo ese día en minutos,

ese símbolo de tradición, que no es otra cosa que cultura, la cultura gallega de estos tiempos.

Y en este recuerdo, que seguro comparto con cientos de gallegos fuera, se dibuja siempre una sonrisa, una sonrisa mágica, aunque los ojos se humedezcan con la emoción del recuerdo, pero como las ilusiones los recuerdos son mágicos y existe siempre la posibilidad del reencuentro, imagino que el reencuentro no es otra cosa que esperanza, una esperanza factible porque sabemos que existe y que cada invierno en la Terra Chá habrá un trozo de ilusión, habrá niños expectantes, adultos impacientes y quienes nos sentimos gallegos podremos regresar a Begonte y su Belén.



XUNTA DE GALICIA

Dirección Xeral de Política Lingüística

CENTRO CULTURAL «JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN»
DE BEGONTE (LUGO) – DEC. 2002 - XANEIRO 2003